

## LEMBRE

O sistema de protección civil recolle e xera información sobre os previsibles fenómenos meteorolóxicos adversos e, unha vez avaliados os posibles riscos en función dos seus efectos, decide activar a situación de alerta.

Escoite as emisoras de radio e televisión e siga as recomendacións dadas polas autoridades de Protección Civil.

**A práctica da  
autoprotección polos  
cidadáns, ademais de  
favorecer a cada un deles,  
xera a seguridade do  
colectivo.**

**Ante calquera  
situación de emerxencia  
chame ao teléfono**



**Para máis información  
[www.112galicia.org](http://www.112galicia.org)**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

# TEMPORAIS



## VALORES LÍMITES DE METEOROLOXÍA ADVERSA

NIVEIS	VENTO "refachos máximos"
AMARELO	Galicia costa e alta montaña de Lugo e Ourense: 80 km/h.
	Galicia interior: 70 km/h.
LARANXA	Galicia costa e alta montaña de Lugo e Ourense: 100 km/h.
	Galicia interior: 90 km/h.
VERMELLO	Galicia costa e alta montaña de Lugo e Ourense: 140 km/h.
	Galicia interior: 130 km/h.

## QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA

Se se anuncia un temporal de ventos fortes, siga estes consellos:

### Temporal no mar

Que a flota de baixura regrese a porto e amarre en condicións.

Que non saia a xente a mariscar ou pescar.

Que o persoal se retire das batentes do mar.

Que se suspenda calquera actividade acuática.

### Temporal na terra

#### Se está na casa ou nun edificio

Retire todos os obxectos que poidan caer á rúa dos tellados, balcóns e fiestras.

Peche e asegure ben as portas, as fiestras e as persianas.

#### Se está no exterior

Camiñe preto das fachadas dos edificios e vixíe a posible caída de obxectos.

Evite pasar preto de edificios ruinosos, árbores, paneis publicitarios, andamios e obxectos que poida derrubar o vento.

#### Se debe usar o vehículo

Circule con precaución e infórmese antes do estado das estradas.

Extreme as precaucións nos adiantamentos, sobre todo cando estes sexan autobuses e camións, polo forte impacto do vento que se xera.

Non utilice vehículos lixeiros nin de pouca estabilidade (bicicletas, ciclomotores).

Se ten que deixar o vehículo na rúa, apárqueo nun lugar protexido do vento e ben inmovilizado.